

INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Aprobación do Orzamento Xeral do Concello de Ponte Caldelas para o exercicio 2015.

En cumprimento dos artigos 168.4 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais e 18.4 do RD 500/90, de 20 de abril, que esixen que o Orzamento Xeral a remitir ao Pleno para a súa aprobación sexa informado pola Intervención, emítase o presente

INFORME:

1.- Normativa aplicable

- Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, 7/1985, de 2 de Abril modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.
- Plan económico-financeiro do Concello de Ponte Caldelas aprobado en 2012.
- Artigo 135 da Constitución Española;
- Lei 22/2013, de 23 de decembro, de presupostos xerais do Estado para 2014.
- Proxecto de Lei de presupostos xerais do Estado para 2015.
- Real Decreto 861/86, de 25 de Abril polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Estatuto básico do empregado publico aprobado pola Lei 7/2007.
- Lei 4/2007 de 20 de Abril, de coordinación de policía locais, así como o Decreto 60/2010 de desenrolo da anterior lei, en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e a creación do rexistro contable de facturas no sector público.

2.- Sobre o Orzamento e a súa tramitación

Primeiro: Orzamento Xeral:

1.-O Orzamento Xeral da Entidade constitúe a expresión cifrada conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a Entidade e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevén liquidar, durante o correspondente exercicio; así

como das previsións de ingresos e gastos das Sociedades Mercantis cuxo capital social pertenza íntegramente a Entidade Local.

2.-As Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un Orzamento Xeral, no que se integrarán:

- a) O Orzamento da propia Entidade
- b) Os dos Organismos Autónomos dependentes da mesma.
- c) Os estados de previsión e gastos e ingresos das Sociedades Mercantis cuxo capital social pertenza íntegramente a Entidade Local.

3.-O Orzamento Xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e conterá para cada un dos Orzamentos que nel se integren:

- a) Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- b) Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Tamén incluírá as Bases de Execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria a organización e circunstancias da propia Entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convintes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativo que requiran legalmente de procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o Orzamento.

4.- Ao Orzamento Xeral uniranse como anexos:

- a) Os programas anuais de actuación, inversións e financiación das Sociedades Mercantis de cuxo capital social sexa titular único ou partícipe maioritario a Entidade Local.
- b) O estado de consolidación do Orzamento da propia Entidade co de todos os Presupostos e estados de previsión dos seus Organismos Autónomos e Sociedades Mercantis.
- c) Os planes de inversión e os seus programas de financiación.

Indicar que o Concello de Ponte Caldelas non Conta con Organismos Autónomos, nin participa en ningunha sociedade mercantil, segundo os datos facilitados a esta Intervención.

5.- Os Orzamentos axustaranse a estrutura establecida pola Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de 14 de marzo de 2014 pola que se modifica a Orden EHA/3565/2008 pola que se aprobou a estrutura dos presupostos das Entidades Locais, a partir do 1 de xaneiro de 2015.

6.- Cada un dos Orzamentos que se integran no Orzamento Xeral deberán aprobarse sen déficit inicial. Así mesmo, ningún dos Orzamentos poderá presentar déficit ao longo do

exercizo; en consecuencia todo incremento nos créditos orzamentarios, ou decremento nas previsións de ingresos deberá ser compensado no mesmo acto en que se acorde.

7.- A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, de acordo cos principios derivados do Pacto de Estabilidade e Crecemento, e conforme ao establecido no artigo 135 da Constitución Española. Entenderase por estabilidade orzamentaria, a situación de equilibrio ou de superávit, computada en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e nas condicións establecidas para cada unha das Administracións Públicas .

8.- Os principios xerais que haberán de rexir na actuación de todas as Administracións públicas en materia de política orzamentaria en aras a consecución do obxectivo de estabilidade orzamentaria son os que se enumeran a continuación:

a) Principio de Plurianualidade: a elaboración dos orzamentos enmarcarase nun escenario plurianual compatible co principio de anualidade polo que se rixe a aprobación e execución do orzamento.

b) Principio de transparencia: os orzamentos e as súas liquidacións deberán conter información suficiente e adecuada para permitir a verificación do cumprimento do principio de estabilidade presupuestaria.

c) Principio de Eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos: as políticas de gastos públicos deben establecerse tendo en conta a situación económica e cumprimento do obxectivo de estabilidade presupuestaria, e serán executadas mediante unha xestión dos recursos públicos orientada pola eficacia, a eficiencia e a calidade.

Segundo: Tramitación e elaboración:

1. - O Proxecto de Orzamento Xeral formarase polo Presidente da Entidade.

Ao mesmo haberá de unirse a documentación sinalada no artigo 168.1 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo:

. Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.

. Liquidación do Orzamento do exercicio anterior e avance do corrente, referida ao menos a seis meses do mesmo.

. Anexo de Persoal da Entidade Local.

. Anexo dos investimentos a realizar no exercizo.

.Informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.

2. - Tramitación do expediente: FASES:

a) Elevación ao Pleno. O Proxecto do Orzamento Xeral, informado polo Interventor e cos anexos e documentación complementaria, remitirase polo Presidente ao Pleno da

Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, enmenda ou devolución (art. 168.4 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.4 RD500/90)

- b) Aprobación inicial do Orzamento polo Pleno da Corporación (art. 22.2e Lei 7/85) por maioría simple dos membros presentes (art. 47.1 Lei 7/85)

O acordo de aprobación que será único, haberá de detallar os Orzamentos que integran o Orzamento Xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.

- c) Información pública por espazo de quince días hábiles, no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno (art. 169.1 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo e art.20.1 RD 500/90).

- d) Resolución de todas as reclamacións presentadas. O Pleno disporá para resolvelas dun prazo dun mes (art. 169.1 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo e art. 20.1 RD 500/90)

- e) Aprobación definitiva. O Orzamento Xeral considerárase definitivamente aprobado si ao termo do período de exposición non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, requirírase acordo expreso por no que se resolvan as formuladas e se aprobe definitivamente (art. 169.1 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo e art. 20.1 RD 500/90).

A aprobación definitiva do Orzamento Xeral polo Pleno da Corporación haberá de realizarse antes do 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio que debe aplicarse.

Si ao iniciarse o exercicio económico non tivese entrado en vigor o Orzamento correspondente considerárase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen perxuício das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177 a 182 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo e ata a entrada en vigor do novo Orzamento (art. 169.6 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo e art. 21.1 RD 500/90).

- f) Publicación; O Orzamento Xeral definitivamente aprobado será insertado no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos Orzamentos que o integren (art. 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo e art. 20.3 RD 500/90).

- g) Remisión do Expediente e entrada en vigor. Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado remitírase copia a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia (art. 169.4 do Real Decreto Lei 2/2004, de 5 de marzo e art. 20.4 RD 500/90). Contéplase na Resolución de 14 de Setembro de 2009, da “Dirección General de Coordinación Financieira coas Comunidades Autónomas e Entidades Locais”, no seu apartado terceiro a regulación do suministro de información en formato XBRL de datos etiquetados en referencia ao Orzamento e liquidación, e en referencia ao envío á Comunidade Autónoma debe terse en conta o establecido na Orden de 15 de Decembro de 2010, publicada no DOGA de 23/12/2010, no que se establece a obriga da subministración de información vía telemática.

O Orzamento Xeral entrará en vigor no exercicio correspondente, unha vez publicado (na forma prevista no art. 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo e no art. 20.3 del RD 500/90) según o establecido no art. 169.5 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo e no art. 20.5 RD 500/90.

Como cuestión formal derivada do anterior sinalar o incumprimento dos prazos legais sinalados na tramitación do Orzamento, aínda que hai que ter en conta que ditos prazos non son preclusivos e non impiden a tramitación neste intre do orzamento xa que para elo esta previsto o mecanismo da prórroga orzamentaria.

3.- Estado de ingresos

O estado de ingresos do Orzamento de Ponte Caldelas para o exercicio 2015 recolle as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercizo.

É necesario para unha efectiva, e non meramente formal nivelación orzamentaria que as estimacións de ingresos se efectúen dun modo prudente e tendo en conta factores obxectivos, tales como recoñecementos de dereitos de exercicios anteriores, a porcentaxe da recadación, estimacións prudentes de altas nos diferentes padróns e modificacións levadas a cabo nas ordenanzas reguladoras dos ingresos, ou outras modificacións que podan afectar ao importe a recadar. Sinalar que a estas alturas do exercicio económico 2014 aínda non se teñen os datos da Liquidación dese exercizo, tornando máis difícil a elaboración das estimacións de ingresos.

En referencia ás estimacións de ingresos consignadas nos diferentes conceptos orzamentarios do capítulo 1, 2 e 3, sinalar:

Indicar que o Concello de Ponte Caldelas ten delegada a xestión recaudatoria e tributaria dos impostos; IBI, IVTM e IAE, e das taxas máis importantes no ORAL (facer constar que se ten avocado a delegación da xestión e recadación concedida nas taxas a esixir polos servizos de abastecemento de augas, e de alcantarillado, no exercizo 2012) .

Como consecuencia da devandita delegación, o Concello soio procede a recoñecer dereitos con motivo do efectivo ingreso por parte do mencionado Organismo Autónomo, ou ben comunicación efectiva de ter recadado importes concretos, en referencia a maneira na que deben contabilizar os entes titulares os recursos administrados por conta de outros entes públicos, remitímonos a consulta 11/1993 da Intervención Xeral da Administración do Estado (publicada no Boletín Informativo da IGAE nº 12, ano 1993). De maneira que debemos indicar que tendo en conta que no ano 2013 e 2014, o importe dos dereitos recoñecidos nestes conceptos de ingresos, correspóndese con ingresos efectivos, os datos sobre os que se fan as estimacións son correctos porque xa veñen determinados polo filtro da porcentaxe de recadación, xa que non se recoñecen dereitos pola contía dos padróns no non recadado.

En canto as previsións de recadación da taxa polo subministro de auga e sumidoiros así como a taxa por depuración están avaladas polo informe emitido pola empresa Viaqua encargada da xestión destas taxas en base aos consumos reais e demais datos obtidos pola prestación deste servizo no ano 2013, polo que baséanse en datos reais e están acordes ao principio de prudencia.

Indicar tamén que sobre o feito de si se mantendrán as porcentaxes de recadación, a intervención non se pode pronunciar porque escapan do seu control.

No que se refire a recadación do IBI, IAE, e IVTM, facer as seguintes referencias, indícase que no referente as previsións iniciais de ingresos, estímase en base ao

efectivamente reconocido e recadado no ano anterior, tanto en voluntaria como en executiva. No suposto do IBI de urbana e rústica, manteñense as previsións tendo en conta o comunicado polo ORAL como recadado en 2013 e 2014 e unha previsión de altas que deberían estar xustificadas nun informe.

As taxas tamén recadadas polo ORAL (lixo, entrada de vehículos, mercado de abastos, taxi), consígnanse por importes similares aos derivados da execución do orzamento, incrementando a recadación pola Taxa de licenza urbanística, polas licenzas que se van conceder en 2015 a proxectos xa presentados na actualidade e redúcese levemente a taxa do lixo polas estimacións dos Padróns.

Indicar de novo que preocupa a esta intervención, dado o entorno de crise, o feito de que se poida reducir á porcentaxe de recadación en todos os tributos, aínda que comparados os dous últimos exercicios veñense mantendo ou incrementando levemente. Tamén escapa do control da Intervención, ao non contar con información suficiente, do pendente de cobro nos diferentes tributos, non podo desterminalar, si a recadación en executiva é prudente mantela, xa ten indicado a intervención que se deba levar control no concello dos datos referidos, para tamén determinar si a xestión do ORAL é boa.

Indicar en referencia ao resto de taxas que se consignan importes similares ao recadado no exercizo 2013e 2014, supondo pequenos axustes a alza ou a baixa en función do realmente recadado neses exercizos.

En referencia a previsión de ingresos a recadar en concepto de Imposto de Construcións Instalacións e Obras, indicar que no ano anterior recadáranse segundo os datos que ofrece a contabilidade, aproximadamente 124.000,00 €, polo tanto ás previsións mantéñense respecto ao executado no exercizo 2014, polo alegado pola Alcaldía no informe económico-financieiro e na memoria, estando pendente de tramitar solicitude de licenza de obra para a construción dunha nave no polígono da Reigosa, de contía moi importante e que poría supor 60.000 € de ICIO, o cal derivaría en que probablemente se acadase a cifra de 100.000,00, si se seguise a manter o ritmo de obras a realizar neste Concello. Esta intervención debe indicar que se debe valorar que os ingresos por ICIO, do ano anterior, non foran puntuais e manteranse no tempo.

En relación as previsións de ingresos referidas aos diferentes conceptos do capítulo 4 relativo a Transferencias correntes:

Polo que respecta ás subvencións consignadas no orzamento a efectos da nivelación do mesmo, sinalar seguindo o artigo 173.6 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, que a dispoñibilidade dos créditos do orzamento de gastos a elas vinculados quedará condicionada á existencia de documentos fehacientes que acrediten compromisos firmes de aportación. No caso das consignadas neste orzamento decir que non existen compromisos firmes de aportación en algunhas delas (CIM, Educadora Social, Axuda no Fogar Prestación Básica, Plan Concertado, Plan Cultural), pero dado que estas subvencións veñen sendo concedidas dende anos atrás polas diferentes administracións, consígnanse por importes similares, aos concedidos no ano 2014.

En canto ao Plan concertado recóllese un maior importe debido as estimacións efectuadas pola Traballadora social tendo en conta as horas autorizadas para a prestación do servizo de dependencia e o importe por hora aboado pola Xunta de Galicia, os importes para a traballadora social, educadora social e saf básico manteñense levemente mais elevados aos do ano 2014.

A maioría das subvencións aínda non foron convocadas como as subvencións previstas a recibir da Xunta e Deputación segundo os datos que ten a intervención. Consígnase crédito en importe igual ao importe subvencionado no ano anterior a recibir da Xunta (Consellería de Presidencia), en base ao Convenio asinado para o mantemento do gasto corrente do Xuzgado.

Aínda que reiteradamente se veña subvencionando estas actividades e programas, é necesario indicar por esta intervención da necesidade de contar cos compromisos firmes de aportación das administracións subvencionantes, antes de dispoñer dos gastos .Indicar de todas formas que se debe ter precaución con consignar ditas cantidades nas previsións iniciais, cando non existen documentos que avalen os compromisos dos terceiros de concesión de dita subvención, polo tanto entre tanto non se aproba definitivamente o orzamento será necesario comprobar que se reciben ditos compromisos, e entre tanto non se reciben, deberá non dispoñerse do crédito consignado en aplicacións orzamentarias que non se refiran a gastos de carácter obrigatorio (subvencións nominativas, gastos en festas etc) polo importe dos ingresos previstos, e de denegarse dita subvención deberá declararse non dispoñible o crédito consignado nas aplicacións orzamentarias de gasto indicadas, xa que determinados gastos (como os de persoal ou dos que derivan compromisos por se ter asinado contratos,), teñen que ser atendidos dende o principio de ano. Indicar no que se refire ás aportacións de veciños a festas, que o compromiso entenderase firme cando se asine o convenio no que se comprometen a ingresar os importes, de non formalizarse e convenios (como se ven facendo ata o de agora), estarase omitindo o procedemento normativamente establecido, e nese caso, non se poderá dispoñer do crédito ata a efectividade dos ingresos.

No que se refire ás cantidades consignadas como participación en tributos do Estado, indicar que segundo o indicado na memoria de Alcaldía procédese a estimar o importe a percibir por este concepto, en base ao importe determinado de anticipos a conta, tendo en conta que os importes pendentes a devolver das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009, serán devoltos en 240 anualidades (contabilizándose polo tanto como devolucións de ingresos indebidos, restando do importe establecido neste ano como anticipo a conta), como así se autorizou en 2014 e restando o importe das liquidacións negativas do exercicio 2011 (parcialmente devolta en 2014) e 2012 que será reintegrada trimestralmente neste exercicio.

En materia de ingresos patrimoniais, débese indicar que se consigna importe en concepto de intereses en contía igual ao do execución do ano pasado.

No que se refire a subvencións de capital indicar que se consignan as cuantías, que dende a administración autónómica se teñen comprometido a aportar (constan compromisos firmes de aportación) para as inversións que figuran no anexo.

Destacar en materia de ingresos, sobre todo o importe que figura consignado nas

partidas 911/913 (ingresos de endebedamento), que se corresponde co importe no que se prevé acudir ao endebedamento. Indicar que no anexo de inversións establécense as inversións e as cuantías de financiación con préstamo das mesmas. Indicar que resultará posible si se cumpren os requisitos establecidos na Disposición final trigésimo primeira da Lei 17/2012 de 27 de decembro de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2013 pola que se modifica o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro de medidas urgentes en materia orzamentaria, tributaria e financiera para a corrección do déficit público, que dí:

Trigésima primeira. Modificación del Real Decreto-Ley 20/2011, de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público.

Con efectos de la entrada en vigor de esta Ley y vigencia indefinida, la disposición adicional decimocuarta del Real Decreto-Ley 20/2011, de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público, queda redactada como sigue:

*«Las Entidades Locales y sus entidades dependientes clasificadas en el sector Administraciones Públicas, de acuerdo con la definición y delimitación del Sistema Europeo de Cuentas, **que liquiden el ejercicio inmediato anterior con ahorro neto positivo**, calculado en la forma que establece el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, podrán concertar nuevas operaciones de crédito a largo plazo para la financiación de inversiones, **cuando el volumen total del capital vivo no exceda del 75 por ciento de los ingresos corrientes liquidados o devengados según las cifras deducidas de los estados contables consolidados**, con sujeción, en su caso, al Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales y a la Normativa de Estabilidad Presupuestaria.*

Las Entidades Locales que tengan un volumen de endeudamiento que, excediendo al citado en el párrafo anterior, no supere al establecido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, podrán concertar operaciones de endeudamiento previa autorización del órgano competente que tenga atribuida la tutela financiera de las entidades locales.

Las entidades que presenten ahorro neto negativo o un volumen de endeudamiento vivo superior al recogido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, no podrán concertar operaciones de crédito a largo plazo.

Para la determinación de los ingresos corrientes a computar en el cálculo del ahorro neto y del nivel de endeudamiento, se deducirá el importe de los ingresos afectados a operaciones de capital y cualesquiera otros ingresos extraordinarios aplicados a los capítulos 1 a 5 que, por su afectación legal y/o carácter no recurrente, no tienen la consideración de ingresos ordinarios.

A efectos del cálculo del capital vivo, se considerarán todas las operaciones

vigentes a 31 de diciembre del año anterior, incluido el riesgo deducido de avales, incrementado, en su caso, en los saldos de operaciones formalizadas no dispuestos y en el importe de la operación proyectada. En ese importe no se incluirán los saldos que deban reintegrar las Entidades Locales derivados de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado.

Las Entidades Locales pondrán a disposición de las entidades financieras que participen en sus procedimientos para la concertación de operaciones de crédito, el informe de la Intervención local regulado en el apartado 2 del artículo 52 del Texto Refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, en el que se incluirán los cálculos que acrediten el cumplimiento de los límites citados en los párrafos anteriores y cualesquiera otros ajustes que afecten a la medición de la capacidad de pago, así como el cumplimiento, en los casos que resulte de aplicación, de la autorización preceptiva regulada en el artículo 53.5 de la citada norma y en el artículo 20 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, pudiendo las entidades financieras, en su caso, modificar o retirar sus ofertas, una vez conocido el contenido del informe.»

En consecuencia é necesario que o Aforro neto calculado cos resultados da liquidación do ano 2013 sexa positivo, e que o volumen de endebedamento tendo en conta a operación prevista non supere o 75 % dos ingresos correntes liquidados no ano 2013.

Indicar pois, que a liquidación utilizada para o cálculo será a do exercicio 2013 que foi aprobada por Resolución de Alcaldía de 30 de xaneiro de 2014, xa que a do ano 2014 ao non estar rematado o exercicio aínda non está aprobada. Advertir que é necesario aprobar a liquidación antes da acordar concertar a operación de endebedamento, e antes por suposto da realización dos gastos de inversión a que vai afectado o endebedamento, xa que ditos gastos e a concertación da operación de endebedamento están condicionados a dita aprobación.

Os cálculos derivados da Liquidación 2013 son os seguintes (indicar que se ten en conta a Disposición trigésimo primeira da Lei de orzamentos para o ano 2013 transcrita anteriormente, na que se indica que as liquidacións negativas das liquidacións na participación en tributos do estado, non se consideran endebedamento):

Datos do aforro neto:

CONCELLO DE PONTE CALDELAS		
<u>AFORRO BRUTO:</u>		
1.- Dereitos liquidados por operacións correntes exercicio: <u>2013</u> Capítulos I, II, III, IV e V	(1)	3.024.689,97
1.- Obrigacións recoñecidas de gasto correntes exercicio <u>2013</u> :: Capítulos I, II e IV	(2)	2.754.132,37

AFORRO BRUTO			(3)	270.557,60
(1)-(2)				
AFORRO NETO:				
1.- Operacións vivas a longo prazo concertadas ou avaladas:				
Importe pendiente	Tipo xuro**	TOTAL CUOTAS		
61.000,00	0%	4.066,66		
9.140,05	0%	4.570,23		
10.876,80	0%	3.625,60		
73.588,64	0%	6.132,50		
166.366,08	0%	12.797,39		
314.065,50	1,60%	59.822,00		
389.158,15	1,700%	48.644,76		
36.657,36	0%	2.631,87		
55.569,00	0%	3.969,21		
23.386,45	2,50%	8.532,80		
TOTAL		(4)	154.793,02	
2.- Operacións proxectadas:				
Importe	Tipo xuro	Amortizacións		
141.500,00	0,00%	9.433,33		
TOTAL		(5)	9.433,33	
Total anualidade teórica: (4)+(5)			(6)	164.226,35
(3)-(6)			(7)	106.331,25
OBRIGAS FINANCIADAS CON REMANENTE DE TESOURERIA GASTOS XERAIS			(8)	2.685,08
AFORRO NETO			(9)	109.016,33
(7)+(8)				

Porcentaxe sobre dereitos liquidados [(9):(1)]*100	3,6%
--	-------------

DATOS DO VOLUMEN DE ENDEBEDAMENTO:

CERTIFICACIÓN DO CÁLCULO DO RATIO DA DÉBEDA VIVA

Dereitos liquidados por operacións correntes

Exercicio: **2013**

Capítulos I, II, III, IV e V

1	3.024.689,97
---	--------------

Débeda viva por operacións de crédito a longo prazo

2	983.327,58
---	------------

Débeda viva por operacións de crédito a curto prazo

3	0,00
---	------

Débeda viva por operacións de crédito avaladas

4	0,00
---	------

DÉBEDA VIVA ACTUAL: (2)+(3)+(4)

5	983.327,58
---	------------

Importe total da/s nova/s operación/s de endebedamento

6	141.500,00
---	------------

DÉBEDA VIVA TRA-LA/S NOVA/S OPERACIÓN/S (5)+(6)

7	1.124.827,58
---	--------------

Porcentaxe sobre dereitos liquidados [(7):(1)]*100	37,19%
---	---------------

Á vista dos cálculos cúmprese cos requisitos para acudir a unha operación de endebedamento a longo prazo polo importe previsto.

No caso de que a normativa neste senso cambie ao longo do exercicio será necesario verificar o cumprimento da mesma, así como no momento en que se aprobe a Liquidación de 2014 procederase a un novo cálculo tendo en conta a mesma.

Analízase noutro apartado deste informe o cumprimento do principio de Estabiliade Orzamentaria e da regra de gasto. Indicar en referencia ao indicado na memoria de Alcaldía que se tratará de solicitar Anticipos Reintegrables á Caixa de Anticipos de

Cooperación, organismo autónomo dependente da Deputación de Pontevedra, xa que dese xeito, non se asumen custes financeiros.

4.- Estado de gastos

O estado de gastos do orzamento debe recoller coa debida especificación os créditos necesarios, para atender o cumprimento das obrigas do Concello. Estes créditos deben estar dotados da contía suficiente para atender ao funcionamento da entidade durante o exercicio 2015, analizando as contías que se derivan do estado de execución do orzamento do ano 2013 e 2014, conforme aos contratos suscritos con terceiros, e actualizacións de prezos que se establecen nos mesmo, así como estimacións de gastos, noutros servizos, en base ao gastado no ano anterior, indicar que revisadas as cantidades consignadas e os importes executados no ano anterior, que existen aplicacións nas que se consigna menor importe do executado e noutras mantense o mesmo importe pese a que se executou menos polo que máis ou menos quedan compensados e dado o actual entorno de crise debe procederse a contención de gasto superfluo, dar cobertura primeiramente aos custes que derivan da prestación de servizos obrigatorios e de primeira necesidade para os veciños, e en segundo lugar, que se gaste con eficiencia e eficacia, mediante unha boa planificación, tratando de reducir custes para acadar obxetivos previstos, recurrido a procedimentos de contratación que garantan a concurrencia e a aptitude das empresas para a realización dos traballos.

Neste punto é necesario analizar a recente modificación da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, operada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, e que supón unha modificación do réxime de competencias municipais.

Con anterioridade á reforma o artigo 25, abría a posibilidade de que os municipios prestasen servizos e promovesen actividades para satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, recollendo no apartado 2 unha lista de materias nas que en todo caso os municipios exercerán competencias. Así ata o momento asumíanse competencias en materias como fomento do emprego, informador xuvenil, servizos sociais (que agora é de competencia autonómica aínda que establece un período transitorio ata o 31/12/2015 no que se asumirá por ela ou se delegará aos Concellos), CIM, etc... que coa modificación deste artigo a posibilidade de promover actividades e prestar servizos é mais restrinxida xa que tal posibilidade se circunscribe a “os termos previstos neste artigo”.

O artigo 7 na nova redacción clasifica as competencias en tres tipos: as competencias propias, as competencias delegadas e as competencias que non son nin propias nin delegadas.

As competencias propias, só poden ser determinadas por lei e se exercen en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, e son as do artigo 25.

As competencias delegadas son as que con tal carácter les atribúen o Estado e as CCAA mediante lei ou acordo de delegación e con suxeición ao artigo 27.

As competencias distintas das propias e delegadas só poden exercerse polas Entidades Locais cando concorran os requisitos do artigo 7.4: que non poñan en risco a sustentabilidade financeira do Concello e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo por outra Administración Pública, polo tanto, requírense dous informes: un da Administración autonómica no que sinale a existencia de duplicidades e outro da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sustentabilidade das novas competencias.

Por tanto, para seguir prestando competencias que non sexan competencias propias, ou ben será necesario de acordo co artigo 27 a delegación ou comprobar o cumprimento dos requisitos do artigo 7.4.

Por outra banda a Lei non estableceu un período transitorio en relación coas competencias exercidas ata o momento polo que non está claro (xa existen varais correntes doutrinais) si é necesario recabar os informes do artigo 7.4 no caso dos servizos preesixentes ou so para os novos.

A Xunta de Galicia xa aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Con data de 9/06/2014 (registro de entrada nº 1845 e 1846 de 12/06/2014) constan contestación aos informes do artigo 7.4 solicitados á Administración autonómica con data de 25/02/2014 e rexistros de saída nº531 e 532. Nos mesmos indícase o seguinte:

“Segundo se desprende da documentación remitida a solicitude de informe ven referida a competencias que xa viñan prestando polo Concello con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2013 de 30 de decembro, polo que en aplicación da LMU non precisan a emisión de informe sobre duplicidade ou sustentabilidade financeira que teña que emitir esta Comunidade Autónoma”.

“Segundo se desprende da documentación remitida e en aplicación da LMU non precisan a emisión de informe sobre duplicidade ou sustentabilidade financeira que teña que emitir esta Comunidade Autónoma”.

Á vista dos informes e ao ser competencias que xa viña prestando o Concello non precisan dos citados informes e polo tanto ao considerarse de competencia municipal poden recollese os créditos necesarios para facer fronte a prestación destas competencias.

Seguindo cos gastos do orzamento, debe facerse especial fincapé nos importes consignados nas aplicacións orzamentarias correspondentes a tratamento e recollida de residuos, que se dotan cunha contía superior no caso da recollida pola revisión de prezos anual establecido no prego e inferior no caso do tratamento dos resicuos por Sogama pola redución do custo por tonelada comunicado, pasando de 82,10 a 73,90. Por outra banda, na partida que recolle a xestión da depuradora redúxose o importe xa que foi solicitada á Xunta de Galicia a asunción da mesma e así se produxo, e estase pendente de que a Xunta de Galicia licite o novo contrato estimándose que a partir de xuño a

xestión xa lle correspondería á mesma (presupuestanse 6 meses por elo). Aínda así sería aconsellable que se contase con comunicación oficial aos efectos de ter a seguridade de que o crédito previsto vai ser suficiente.

Así mesmo, mantense o importe da dedicación exclusiva da Alcaldía de 45.000,00 € establecido no artigo 75 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local e na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014 na súa redacción dada polo RDL 1/2014, de 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transporte, e outras medidas económicas, que foxou un límite de 45.000,00 € brutos anuais para os municipios con poboación entre 5.001 e 10.000 habitantes como é Ponte Caldelas.

Indicar tamén que a lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, regula unha serie de dereitos dos cidadanos de acceso electrónico aos servizos públicos. Segundo a disposición final terceira da mesma, no seu apartado 4, indícase que os dereitos recoñecidos en dita norma, poderán ser exercidos a partir do 31 de Decembro de 2009, sempre que o permitan as dispoñibilidades orzamentarias. Tendo en conta a elaboración do orzamento, e a consignación de crédito para gastos que non resultan obrigatorios, vótase de falta que se doten créditos para poñer en marcha xa a instauración da administración electrónica. Ter en conta tamén o establecido na lei de Economía sostible, que engade o seguinte a dita disposición ;

“DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉPTIMA. Modificación de la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los Servicios Públicos.

Uno. Se adiciona un nuevo apartado 5 a la disposición final tercera de la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los Servicios Públicos, que queda redactado en los siguientes términos:

5. Las Comunidades Autónomas y las Entidades integradas en la Administración Local en las que no puedan ser ejercidos a partir del 31 de diciembre de 2009 los derechos reconocidos en el artículo 6 de la presente Ley, en relación con la totalidad de los procedimientos y actuaciones de su competencia, deberán aprobar y hacer públicos los programas y calendarios de trabajo precisos para ello, atendiendo a las respectivas previsiones presupuestarias, con mención particularizada de las fases en las que los diversos derechos serán exigibles por los ciudadanos.

Los anteriores programas podrán referirse a una pluralidad de municipios cuando se deban ejecutar en aplicación de los supuestos de colaboración previstos en el apartado anterior.

Dos. Los programas mencionados en el apartado anterior deberán ser objeto de aprobación y publicación en el plazo de seis meses desde la entrada en vigor de la presente Ley.”

